



Relacións institucionais

GRUPO PONTEVEDRA	CELEBRACIÓN DO 70 ANIVERSARIO E DA ASEMBLEA XERAL O Grupo Provincial de Rematantes y Aserradores de Maderas de Pontevedra aproveitou a súa asemblea anual o 10 de marzo para festexar o 70 aniversario da súa constitución e facer balance dos logros acadados nos últimos anos grazas á unión das empresas. D. Ignacio Lema, director da <u>Axencia da Industria Forestal</u> e D. Antonio Crespo, xefe territorial da Consellería do Medio Rural de Pontevedra, acompañaron ás empresas nesta celebración. Ver crónica da Asemblea
	CELEBRACIÓN DA ASEMBLEA XERAL A Asociación Provincial de la Industria de la 1ª Transformación de la Madera de A Coruña celebrou a súa asemblea anual o pasado 17 de marzo. O encontro serviu para analizar de xeito pormenorizado as boas novas respecto das melloras lexislativas, axudas sectoriais, sinatura de convenios, etc. Á clausura da asemblea asistiron o director da <u>Axencia da Industria Forestal</u> , D. Ignacio Lema, e o concelleiro de obras e servizos do Concello de Carballo, D. Luis María Lamas. Ver crónica da Asemblea
XESTIÓNS DESTACADAS	<ul style="list-style-type: none"> • COMPARECENCIA NO PARLAMENTO: o 01/03, o presidente de FEARMAGA, Elier Ojea, compareceu na <i>Comisión especial de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan Forestal de Galicia</i>. Ver texto e vídeo • AXENCIA DA INDUSTRIA FORESTAL: nos últimos meses, mantivemos diversos encontros tanto co director como co xerente da Axencia, para tratar respecto da próxima convocatoria de axudas FEADER e das necesidades formativas do sector. • NOVOS PERMISOS DE CORTA: co fin de garantir a máxima seguridade xurídica na actividade das empresas rematantes, estamos a trasladar aos distintos departamentos da administración autonómica implicados o noso parecer respecto da poste en práctica do novo réxime de permisos (definido pola Lei de fomento de implantación de iniciativas empresariais). Con este mesmo fin, presentamos alegacións ao <u>anteproxecto de Lei da administración dixital</u>.
XORNADA	MADEIRA E CONSTRUCCIÓN – Ponencia sobre Grupo CDC-FSC do CFCCGA O 21/02, participamos nunha xornada sobre madeira, construción e certificación forestal celebrada na Escola Politécnica de Lugo (USC) e organizada por FSC España. José Ángel González, técnico de FEARMAGA, ofreceu unha ponencia sobre a experiencia do CFCCGA na certificación da cadea de custodia FSC en grupo.



Servizos prestados a socios

 DEPUTACIÓN DE LUGO	CONVENIO DEPUTACIÓN DE LUGO – Cortas de madeira en estradas provinciais FEARMAGA está a ultimar a sinatura dun convenio para a corta, saca, acopio e transporte de madeira en parcelas afectadas por estradas titularidade da Deputación de Lugo. Ten por obxectivos principais a redución dos prazos dos trámites e da contía do aval. Fainos saber se queres beneficiarte deste convenio
--	---

Lembra!

	CURSOS SIMULADOR FORESTAL – Solicita a túa praza Incrementa os puntos nas axudas FEADER
	IMPLANTACIÓN E CERTIFICACIÓN CDC PEFC E FSC INDIVIDUAL OU GRUPAL Solicita información Incrementa os puntos nas axudas FEADER

Última hora

AXUDAS FEADER	Proximamente serán convocadas as axudas FEADER - FEARMAGA pode tramitarchas Solicita información, podes contactar con nós vía:  981568390  informacion@maderasdeg Galicia.com
----------------------	--